

III CERTAME

de RELATO  
CURTO





# GAÑADOR NA CATEGORÍA DE ADULTOS

JOSÉ RAMÓN VILAS COSTAS

CPI Manuel Padín Truiteiro (Soutomaior)

## VICHES QUE PREZOS?

–Viches que prezos? –dixo el moi baixiño, coma se falase a rentes do chan.

–A crise –dixo ela máis altiva.

Víronse por primeira vez nunha tenda de zapatos do centro da cidade, desas modernas, sen portas, que dende a rúa xa ves o que che gusta. Unha tarde de Nadal o destino ou Papá Noel levounos a aquel piso da rúa Michelena e o amor agromou con música de panxoliñas.

Ela é esvelta, de pel lisa e suave, atrevida. Nas rúas comerciais reloce e fronte aos escaparates reflíctese como a lúa chea no mar calmo.

El é baixo e forte, de pel escura e moi boa planta, elegante. É deses que che enche o ollo nada máis velo.

Aos dous gústalles camiñar pola cidade vella nas tardes de poalla, iso asegura pasar a noite xuntos fronte á cheminea.

Despois dunha longa tempada este podería ser o seu derradeiro paseo. O inverno esmorece madurado pola choiva e o frío. As rebaixas rematarán axiña e o sol da primavera imporá unha nova colección. As rúas están atei-gadas. Ela camiña diante, sente que el non lles quita ollo as súas curvas que a anchean e a estreitan só onde convén. Detéñense diante daquela zapatería onde todo comezou.

–Viches que prezos? –díxolle con tristura o zapato á bota.